



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN  
EXPEDIENTE: PCO.001.2024.00023

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EDICIÓN, PUBLICACIÓN, DISTRIBUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA "CONXO, NON RESTRAINT", DE ALBERTO MANUEL RAMOS RÍOS, GANADORA DO XXI PREMIO RAFAEL DIESTE DE TEXTOS TEATRAIS, DO ANO 2023. PCO.001.2024.00023**

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 27 de xuño de 2024 e de Prescricións Técnicas, asinado polo Servizo de Acción social, Cultural e Deportes en data 13 de xuño de 2024, para a contratación dos servizos de edición, publicación, distribución e explotación da obra ""Conxo, non restraint", de Alberto Manuel Ramos Ríos, gañadora do XXI Premio "Rafael Dieste" de textos teatrais do ano 2023, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

1.1.1. Tipo de contrato: servizos

1.1.2. Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución:

A primeira impresión deberá ser posta á venda no prazo máximo de seis meses contados desde a data de adxudicación do contrato.

O prazo de vixencia da cesión dos dereitos será ata o 3 de abril de 2025, polo que o prazo de execución do contrato comprenderá o período necesario para a publicación, distribución e explotación da totalidade dos exemplares que sexan editados ata o 3 de abril de 2025, desde a realización da tirada ou tiradas correspondentes ata a venda de todos os exemplares que as compoñen.

1.3. Orzamento: O orzamento máximo autorizado é de 3.125,00€, IVE incluído, correspondente ao suministro de 125 exemplares

1.4. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo a aplicación orzamentaria 0612/3341/22609

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PRAZO DE EXECUCIÓN	NÚMERO OPERACIÓN	IMPORTE
0612/3341/22609	Posta a venda no prazo máximo de seis meses contados dende a data de adxudicación do contrato	220240033137	3.125,00€

2. Dispor que o referido contrato adxudíquese mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.